

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA. Curso 2009/10	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	A NARRACIÓN
IDIOMAS	☐ INGLÉS ☐ OUTRAS LINGUAS ☐ GALEGO ☐ ITALIANO ☒ X-CASTELÁN ☐ ALEMÁN
DESCRITORES A TRABALLAR	ESCOITAR: comprendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e se tratan asuntos cotiás que teñen lugar na escola, durante o tempo de lecer, etc. LER: comprendo textos redactados na lingua castelá de uso habitual e cotián ou relacionados co traballo. FALAR: sei enlazar frases de forma sinxela co fin de contar experiencias e feitos, os meus soños, esperanzas e ambicións. Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos. Sei narrar unha historia ou relato.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X COMPRENDER: X <u>comprensión auditiva</u>, X<u>comprensión lectora</u> XFALAR: <u>Xexpresión oral</u> . X ESCRIBIR : <u>Xexpresión escrita</u>
OBXECTIVOS	-Realizar lecturas comprensivas e expresivas de textos narrativos. -Identificar textos narrativos. -Analizar e comprender aos elementos que configuran un texto narrativo. -Compoñer textos narrativos , con coherencia e corrección, seguindo as convencións estudadas.
NIVEL	1º ESO
SECCIÓN DO PEL	X BIOGRAFÍA X PASAPORTE DE LINGUAS ☐ DOSSIER
PROCEDEMENTO	-Lectura comprensiva e expresiva de textos narrativos. -Análise de textos narrativos onde se recoñezan os distintos elementos que configuran este tipo de textos. -Redacción de textos narrativos orais e escritos, con coherencia e corrección, e seguindo as convencións estudadas..
AVALIACIÓN: Seguimento	Valorouse que os alumnos fosen comprendendo os distintos elementos que configuran os textos narrativos e recoñecéndoo Con este fin se fixeron actividades nas que se valorou que: -Distinguiran o tipo de narrador ou modificaran unha narración cambiando o narrador. - Ordeasen os acontecementos dunha historia onde eles eran os protagonistas ou indicasen a estrutura do texto. -Clasificaran os personaxes e recoñeceran o espacio e o tempo

	onde se desarrolla a acción dun texto narrativo. Como actividade final, onde o alumno tiña que dar conta dos coñecementos adquiridos, tiveron que elaborar un texto narrativo Escollendo de tres opcións que lles propuxo o profesor: -Continuar unha historia, a partir dun texto que podería ser o planteamento do relato, indicando cando sucede a acción e incluíndo personaxes aliados e opoñentes ao protagonista. -Elaborar un relato de ciencia ficción a partir dos datos determinados. -Crear unha narración a partir dunha imaxe, tendo en conta os aspectos estudados. En todas estas actividades tívose en conta, ademais do coñecemento dos distintos elementos dun texto narrativo, que o alumno participase e mostrase certo interés polas actividades propostas, ademais do uso correcto da lingua castelá.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	Tódolos alumnos de 1º de ESO (B, C)